

PINTURA BARROCA

Ao igual que nas outras artes, na pintura, a técnica convértese en elemento esencial á hora de traspasar ao cadro unha idea e facela verosímil aos ollos do espectador. Trátase de que aquel se sinta conmovido pola escena e asombrado polos efectos reais dos obxectos e figuras representados. O pintor xoga e busca colaboración co público e trata de introducilo no espazo representado, eliminando as barreiras entre o espectador e cadro.

O Pintor e o seu mundo

No barroco, os máis dos artistas estaban agrupados en talleres gremiais. Neles a aprendizaxe pasaba por todas as tarefas do oficio, e o aprendiz preparaba os pinceis e os lenzos, machacaba os pigmentos para a preparación das cores, para pasar despois á práctica do debuxo e a pintura. Ó conseguir o grao de oficial, axudaba ó mestre en tarefas máis complicadas.

Sen embargo os grandes artistas podían saírse deste esquema e co seu talento por medio, pactar as súas propias condicións con aristócratas, prelados, papas ou reis. Bernini o facía co papa Urbano VIII, e Velázquez se pinta nun cadro xunto ós reis.

Durante o XVII, tamén comezou a xestarse un novo aprendizaxe das artes: as Academias. Iniciáronse como lugares de formación privados donde se aprendía estudando ós grandes mestres do Clasicismo, tal é a academia dos **Carraci** en Bolonia. Sen embargo a máis importante Academia foi fundada en Francia por patrocinio do rei e o poderosísimo ministro Colbert en 1648: **A Academia Real de Pintura e Escultura**. Nela os artistas debían aprender debuxo e pintura seguindo modelos escultóricos e despois modelos vivos. Ó longo do século XVIII, no final xa do Antigo Réxime, o resto de países europeo imitaron este sistema, fundando as súas propias **Reales Academias** (caso de España)

Pintura barroca “características”

- **Realismo e Naturalismo**, características básicas da nova pintura. Como vehículo idóneo para a expansión das ideas da Contrareforma, válese do natural, da realidade externa dun mundo de formas efémeras e cambiantes, pero verosímiles (*un mundo donde os miragres poidesen ocorrer de feito*).
- **Extensa variedade temática**: relixiosa, bodegóns, escenas burguesas e de xénero, escenas mitolóxicas, retratos, temas cotiáns como naturezas mortas, paisaxes, retratos políticos (*posto en boga polas monarquias absolutistas*) etc.. que se ampliaron constantemente coa incorporación dunha **nova clientela**.
- **Hexemonía da luz** . O barroco é a arte de plasmar pictoricamente a luz e en correlación, a sombra xoga un papel ata entón inédito, especialmente nos primeiros ensaios do estilo que viñeron a denominarse Tenebrismo. No Barroco a forma subordínase á luz)
- **Liberdade de composición** “*Composición asimétrica*”: conséguese mediante as liñas diagonais que substitúen ás composicións piramidais do século anterior; ás veces úsanse formas partidas que indiquen que non todo cabe na tea.
- Preocupación por plasmar **o movemento** . A pintura barroca é a pintura da vida e esta non pode representarse baixo formas estáticas. As figuras son inestables e os escorzos e ondulacións multiplícanse. Pintura de grandes contrastes, tanto cromáticos, como lumínicos e compositivos.
- **Predominio da cor sobre o debuxo**
- O italiano **Caravaggio** se convirte en punto de inflexión no cambio de estilo

PINTURA BARROCA


ITALIA: CARAVAGGIO

- A vocación de san Mateo
- O enterro de Cristo



ESPAÑA: VELÁZQUEZ

- O aguador de Sevilla.
- A fragua de Vulcano..
- A rendición de Breda.
- As Meninas.
- O Bufón do Pablos de Valladolid



Pintura barroca en Italia

A tendencia clasicista continuou, se ben cunha grande liberdade interpretativa que a desprendía da simple imitación do renacemento. Creouse así un estilo baseado na fusión de múltiples achegas apelado **Eclecticismo**, que ten como máximos representantes ós irmáns **Carracci**

Fuxida a Exipto.
Annibale Carracci



Xunto ás maneiras eclécticas, aparece un novo modo pictórico de entender o mundo, baseado nun achegamento á realidade, na representación de esceas coma se fosen verídicas en liña coas teses da Contrareforma. Sen embargo moitos, sobre todo eclesiásticos, se sentiron incómodos ante uns tipos expresivos que atendían máis á vulgaridade física das formas que ó contido relixioso do tema. Neste terreo aparece a figura fundamental dun dos grandes pintores da historia da arte de tódolos tempos, **IL CARAVAGGIO**

Michelangelo Merisi (1571-1610) IL CARAVAGGIO




Autorretrato con cabeza de Goliat

A súa vida está marcada pola bohemia e súa arte pola incompreensión. En 1590 se traslada a Roma, donde levará a cabo importantes obras de encargo eclesiástico. Alí o seu carácter arrogante e pendencieiro o leva varias veces ao cárcere e mesmo ao asasinato dun home por liortas de xogo. Condenado por homicida, foxe en 1606 a Nápoles, Malta, Siracusa e Mesina. Obtido o perdón, morre de malaria cando regresaba a Roma con só 37 anos.

É un revolucionario, que desdeñando as formas academicistas, baseadas no dibuxo, recrea un mundo de siluetas vaporosas, de volumes que se perden na escuridade, con personaxes antieclesiásticos, que resultan a máis lograda antítese do idealismo.

Creador dun estilo, **O TENEBRISMO**, que exercerá gran influencia noutros artistas barrocos.

Creador do Naturalismo, tomando apuntes do natural e traballando directamente sobre o soporte. Consideraba á mesma altura un cadro sobre flores ou froitas ca outro sobre historias bíblicas, algo que rompía coa xerarquía de temas existente ata o momento. Caravaggio foi un dos primeiros en establecer a natureza morta como xénero autónomo e de valor



Obras da 1ª etapa:
Figuras recortadas
con formas nítidas

Cadros relixiosos e mitolóxicos tratados como escenas de xénero, nos que non faltan detalles anecdóticos perfectamente descritos



Obras da 1ª etapa:
Figuras recortadas
con formas nítidas

Esponáneo, traballa sen bosquejos, directamente na tea, e evita a representación do espazo.



Novo enfoque dos temas, con modelos vulgares dos baixos fondos


romanos . As súas virxes eran prostitutas, os seus anxos eran chaperos, os apóstolos e santos eran esmoleiros e pordioseros. Caravaggio violentou constantemente o principio do decoro, a norma segundo a cal só se debe elixir para ser representados aqueles elementos que conveñen á dignidade do tema; por exemplo, non se pode pintar a Cristo vestido como un mercader, senón como un personaxe divino; os santos deben levar os seus atributos sacros, etc. o que provocou odios e amores cara á súa pintura.



Exemplo: esta pintura, que representa a morte da Virxe e resultou escandalosa.

- A Virxe presenta *rigor mortis* ten o ventre hinchado e os pes amoratados pola descomposición (o modelo foi unha prostituta afogada no Tíber). O cortello está formado por personaxes populares (quizais mendigos) nun ambiente de penumbra, mostrando unha dor e unha tristura que non parece se vaia converter en gozo pola entrada no ceo da Virxe. O drama da morte ponse de manifesto nesta escena que *está* concibida lonxe de calquera idealización, con persoas vulgares, amoreándose ao redor dun humilde escenario.
- As pinturas de Caravaggio perdían en concursos e eran rexeitadas polos clientes da igrexa, e inmediatamente eran disputadas polos coleccionistas romanos e estranxeiros.

Creador do Tenebrismo (profundo claroscuro): os corpos parecen reciben poderosos raios de luz que os resaltan fortemente sobre fondos totalmente escuros. A **luz** é fundamental nos seus cadros, funciona como un espazo autónomo, como un personaxe máis. O foco luminoso nunca aparece no lenzo e adoita ser artificial, procedente dalgún ángulo lateral. A luz en Caravaggio simboliza a presenza do sobrenatural, do divino, de acordo coa metafísica da luz de Platón ou San Agustín: Deus é a luz.




A vocación de San Mateo



Clasificación:

- Autor: [Caravaggio](#)
- Cronología: 1599-1600
- Estilo: [Barroco Italiano](#)
- Material: óleo sobre lenzo
- Características: 322 x 340 cm.
- Comitente: [Mateo Contarelli](#)
- Localización: [Igreja de San Luis dos Franceses de Roma](#)

Mateo Contarelli, importante comerciante francés, comprou unha capela coa intención de ser enterrado alí. Encargou un completo programa de pinturas e esculturas dedicadas ao santo do seu nome: San Mateo. Este encargo constituíu o primeiro traballo de envergadura que Caravaggio realizou. Organizou varias esceas, sen mostrar o fondo nin o contexto onde ten lugar e sen narración. de xeito que parece que o espectador as contemplase como testemuña, oculto na escuridade da capela.





As dimensións de tamaño natural dos personaxes dan as esceas gran verosimilitude e contribúen a crear un ambiente arrepiante. A escena sáese do cadro e aparece ante nós, isto é posible porque o pintor emprega modelos reais, tomados das rúas para convertelos en protagonistas das súas escenas, o que contraviña as normas de decoro impostas para as representacións dos personaxes relixiosos, pero gustaba aos entendidos. Manipula a luz para destacar rostros e xestos e darlle presenza física ás figuras en contraste cun escenario sen determinar. Escorzos e diagonais marcan a composición.



No lenzo da vocación de San Mateo executa unha escena "de historia", complexa, cun gran número de personaxes, contextualizado nunha época, nun lugar e cunha historia. Esta historia que tiña que narrar queda reducida a un momento culminante, con aspecto de fotografía instantánea na cal se concentra toda a acción, toda a psicoloxía . O tema é relixioso pero Caravaggio o representa como unha escena de xénero (de taberna).Recorreu a figuras extraordinariamente veristas e monumentais, que enchían de solemnidade o lenzo.



Contido iconográfico: É a historia que se narra no Evanxeo segundo S. Mateo: *E pasando Xesús, viu a Mateo fillo de Alfeo, sentado no lugar dos tributos públicos, e lle dixo: Sígueme. E este, levantándose, seguiu.* Pola dereita entra Cristo con San Pedro, e coa súa mano extendida sinala a Mateo. O Santo está sentado fronte a unha táboa cun grupo de persoas, nunha escena de taberna. Caravaggio fai a crónica do momento no que a rutina diaria queda interrompida polo milagroso. O feito de que se vistan como na época do pintor, e sexan pinturas realistas, sen ningunha idealización, transmite a percepción do artista da actualidade da escena, a súa participación íntima no acontecemento representado.



Composición: é unha composición estática e en horizontal, con poucos personaxes e fondo neutro. Realizada con dous planos paralelos: o superior, ocupado só por unha ventá, e o inferior, no que se representa o momento preciso no que Xesús apuntando a Mateo o chama. Coidado repertorio de horizontais e verticais (fiestras, liña de cabezas de Mateo e compañeiros) e o seu contraste coas diagonais secundarias (espada e pernas dos cabaleiros), e todo iso, resaltado por unha luz focal.




Diálogo de xestos entre Cristo, Pedro e Mateo de gran intensidade e valor simbólico.

Destaca o parecido entre o xesto de Xesús apuntando a Mateo e o xesto de Deus ao espertar a Adán na Capela Sixtina de Miguel Anxo. Seguindo a liña do brazo esquerdo de Cristo, parece que se invita a Mateo a seguilo. Este xesto de Cristo o repite san Pedro, símbolo da igrexa Católica e da figura papal que media entre o mundo divino e o humano, o cal é moi coherente coa época da contrarreforma e é a súa vez repetido por Mateo sinalándose a si mesmo. Cristo fai, aparentemente sen esforzo, un xesto coa man que exerce unha sensación de peso, sen necesidade de lucir musculatura. Os pés espidos de Xesús e Pedro son de simplicidade clásica, en contraste cos recadadores moi ben vestidos.




A LUZ: Cristo trae a luz a este espazo escuro dos recadadores de impostos. Para acentuar a tensión dramática da imaxe e focalizar sobre o grupo dos protagonistas a atención do que mira, emprega o recurso de somerxer a escena nunha penumbra cortada por raios de luz branca, que fai emerxer os xestos, as mans, ou parte da roupa, e deixa case invisible o resto. O papel da luz é dobre: consegue resaltar as figuras que máis interesan e axuda a dramatizar o contido do cadro.

A COR: cromatismo limitado a cores terras, marróns e negros.




Tenebrismo, todavía atenuado. Presenta ausencia de fondos, cun acentuado contraste luminoso que illaba as figuras iluminadas contra a escuridade, destacándoas deste xeito (o efecto de luces e sombras fortemente contrastadas aínda non é tan drástico como en obras posteriores). Foi un auténtico éxito, que lle proporcionou a Caravaggio fama inmediata e novos encargos públicos.





**Teatralidade
(San Mateo preguntando
se se refire a il)**

3`28



**Contraste: personaxes
en metade inferior
e a superior
queda valeira.**

**Potenciación de
rostros e mans**

**Desenvolvemento de
escea relixiosa
en esceario
da vida cotiá**

**Avaro retirando
o diñeiro
(anecdótico)**

**Caravaggio
A vocación de San Mateo**

3`48 m

**Luz violenta
en diagonal**

**Xesús e San Pedro.
Xesto de Xesús
Sinalando reforzado
por foco de luz
de claraboia.**

**Personaxe de costas.
Banqueta en escorzo**

O Enterro de Cristo

Clasificación


- Autor: [Caravaggio](#)
- Estilo: [Barroco Italiano](#)
- Fecha: 1602-04
- Material: óleo sobre lenzo
- Medidas: 300 x 203 cm.
- Comitente: [Francesco Vittrici](#) para a capela da Igreja de Sta M^a de Vallicella en Roma.
- Museo: [Museos Vaticanos](#)



Contido iconográfico: representa o enterro de Cristo introducido no sepulcro por San Xoán e Nicodemo, mentres as Tres Marías (a nai de Jesús, María Magdalena e María a de Cleofás), choran a súa morte; era un tema frecuente na iconografía cristiá e no caso deste cadro de Caravaggio está orixinalmente tratado e provocou a admiración unánime dos contemporáneos que o contemplaron.



- **Composición:** o centro deste gran lenzo ocúpao o corpo espido de Cristo morto, que nun plano horizontal divide o lenzo en dous tramos. A composición do cadro esta dominada pola diagonal que ascende desde o vértice inferior esquerdo ao superior dereito, marcada polas partes iluminadas dos corpos dos personaxes. En toda a composición abundan os escorzos violentos, desde os das tres mans das mulleres ata o do propio corpo de Cristo.



Realismo no tratamento da imaxen: Cristo morto, preséntase totalmente

humanizado. O realismo do corpo é total, destacando o verismo da carne branda e pesada do brazo caído en total abandono, a chaga do costado bastante pechada e que xa non sangra, as pegadas dos cravos dos pés e mans pouco marcadas. O corpo non está lacerado e non aparece por ningunha parte ningún dos elementos ou símbolos da Paixón. O pintor reflictea a súa mestría no perfecto estudo da anatomía humana a través deste espido, no que músculos e veas móstranse a través da pel. Realmente só o título do cadro identifica ao personaxe con Cristo, xa que nos mostra en toda a súa crúa realidade un corpo morto, sen ningún signo de divindade.



Comparación. Detalles do brazo e do desnudo de Cristo morto Na Piedade de Miguel Anxo, o Santo Enterro de Tiziano e O Descendemento de Caravaggio.



Naturalismo: os personaxes que o suxeitan non son nada distinguidos, senón persoas populares, comúns, sen nada especial que as distinga; por exemplo: o corpo morto de Cristo ou o rostro de Nicodemo (o home barbudo do primeiro plano). Por iso algúns destacados personaxes da curia romana protestaron, dicindo que as figuras de rústicos apóstolos parecían máis ben bárbaros enterrando ao seu xefe morto en combate. O naturalismo de Caravaggio alcanza ata a representación da planta do primeiro plano.



Detalle



Cor: predominan os tons practicamente negros no fondo e o branco e as cores cálidas (carne, vermellos, sienas,...) nas figuras.

Técnica: Caravaggio pinta aínda por medio de delicadas veladuras e de pinceladas que se funden coidadosamente nunha uniforme superficie pictórica.



Tenebrismo Pleno

O fondo é un lugar neutro e escuro sobre o que se recortan as figuras da escena, que son o único foco de interese do pintor (prescinde do marco arquitectónico ou paisaxístico). Esta técnica concrétase no modo en que un foco de luz situado sobre o vértice superior esquerdo do cadro ilumina as figuras da composición, recortándoas sobre o fondo en penumbra e modeándolas violentamente por medio dun claroscuro moi acusado. O corpo de Cristo é á vez a fonte de luz principal, coma se toda a súa carne fose un foco permanente, acompañado tamén pola luminosidade da tea branca que o sostén. A luz difusa do período anterior deixou o seu lugar a unha violenta contraposición de luces e sombras e as figuras emerxen da escuridade recortándose nítidamente sobre ela. Esta concentración lumínica permite a Caravaggio aumentar a presenza física dos seus personaxes: reducidos en número, monumentais e fortemente corpóreos, que se imponen ao espectador, e ao tempo o fan partícipe na escena.



- **Achegamento ao espectador:**

Caravaggio elimina das imaxes relixiosas a distancia entre o espectador e o tema que parece estar sucedendo ao seu lado. Isto concrétase, por exemplo, no modo en que Caravaggio dispón a laxa de pedra na parte inferior da imaxe coma se fora un chanzo que de ser ascendido permite entrar na escena representada. O mesmo efecto produce tamén o escorzo do brazo de Nicodemo que parece que vai saír da imaxe e a mirada do mesmo personaxe que parece observar fixamente ao espectador, atraendo a súa mirada cara á escena representada. Estes recursos xeneralizaranse na pintura barroca .

- A influencia de Caravaggio será enorme na pintura posterior, xa que case todos os grandes mestres barrocos foron durante toda a súa vida, ou polo menos tiveron unha etapa tenebrista. É o caso de Zurbarán, Ribeira, Velázquez en España e Rubens e Rembrandt nos Países Baixos. Caravaggio será cos seus achados formais un dos artistas máis admirados e determinantes da historia da arte



Pintura barroca en España

O século XVII pasará á Historia como o século de Ouro das artes, que brillaron como nunca, a pesar de ser un período de “ruina económica e empobrecemento xeral” (en contraste co esplendor do século anterior) e de “decadencia política” na que vai quedar liquidado o Imperio español. Predominarán a escultura e sobre todo a pintura sobre a arquitectura, pois agás en Galicia as construcións serán de pouca envergadura e con pobreza de materiais. Nese século de ouro das artes, **A PINTURA** acadará as máis altas cotas de calidade

A escola pictórica española constitúe unha entidade diferenciada con respecto das outras escolas europeas pola **alta calidade** do seu conxunto e pola personalidade dos seus autores. O segundo tercio do século, que se corresponde co reinado de Filipe IV, coincide coa xeración de artistas mais importante entre os que se atopan: Ribera que abrirá obradoiro en Nápoles e verase moi influído por Caravaggio; Zurbarán, que traballa sobre todo para os importantes mosteiros do Sur; e **Velázquez**, que acadará as metasmais altas as que un pintor español pode aspirar en aquel momento.

A Corte representa o centro artístico de maior nivel, sendo tamén importante a actividade pictórica que se desenvolve en cidades como Sevilla ou Valencia. Os reis deste tempo continúan a tradición coleccionista dos anteriores e seguen rodeándose de pintores que decoran os seus palacios e serven aos seus intereses defama e prestixio. Na temática, predominan os **temas relixiosos**, e os retratos no ámbito real e nobiliario (a pintura de xénero non ten aquí a importancia que acada noutros países, e case non hai representacións mitolóxicas).

Influencia do **Realismo e do Tenebrismo** de orixe italiano (a influencia de Caravaggio penetra a través, sobre todo, de Nápoles, territorio que estaba baixo goberno español). .

Representaranse cousas tanto belas como horrendas pois a realidade é fermosa e horrible.

Velázquez (1599-1660)



- Diego Rodríguez de Silva e Velázquez, o mellor pintor do barroco, naceu en Sevilla en 1599. Aos onceanos inicia a súa aprendizaxe no taller de Francisco Pacheco onde permanecerá ata 1617, cando xa é pintor independente. Ao ano seguinte, con 19 anos, casa con Juana Pacheco, filla do seu mestre, feito habitual naquela época. Naqueles anos en Sevilla está a abandonarse o manierismo e búscase un novo camiño: o naturalismo á maneira de Caravaggio. Nesas novas buscas da os primeiros pasos Velázquez e alí coñece a Zurbarán e a Cano pintores dos que será fiel amigo toda a vida.
- Despois será pintor de Filipe IV na corte en Madrid, longa etapa durante a que estudará as coleccións reais, e fará dúas viaxes a Italia donde estudará *in situ* ós grandes artistas. O seu estilo irá variando, a súa técnica experimentará unha evolución prodixiosa, e irá aclarando a paleta ata ser o gran pintor da perspectiva aérea, o pintor da atmósfera. Acadará um estilo propio e xenial
- A súa temática é abundantísima. Pintou mitoloxía, retratos, pintura de historia, de xénero, paisaxe, relixiosa...

Se di que Velázquez no seu tempo foi un pintor de pintores, apreciado, ou envexado, polos entendidos. E será un dos pintores que máis ten influído en outros de toda a Historia da arte.

Primeira Etapa : Formación en Sevilla (1627-1622)

Características deste período:

- Tratamento naturalista e tenebrismo (os personaxes xurden violentamente do fondo)
- Pincelada fina
- Predominio das cores escuras e do vermello terra
- Sinxeleza na composición, en cruz ou aspa
- Debuxo preciso e detallado
- Volumens rotundos, cunha luz intensa
- Temas relixiosos, retratos, bodegóns, e sobre todo esceas de xénero



O Augador de Sevilla


Clasificación

- **Autor:** [Velázquez](#)
- **Cronología:** [1620 \(s. XVII\)](#)
- **Estilo:** [pintura barroca](#)
(Etapa Sevillana)
- **Medidas:** 106 x 82 cm.
- **Técnica:** [óleo sobre lenzo](#)
- **Museo:** [Wellington Museum \(Londres\)](#)




Posiblemente sexa a obra mestra da etapa sevillana de Velázquez.


- **Contido Iconográfico:** aparecen dúas figuras en primeiro plano, un aguador e un neno, e ao fondo un home bebendo nun xerro, polo que se suxeriu que podería representar unha alegoría das tres idades das persoas.
- **Realismo**, como demostra na mancha de auga que aparece no cántaro de primeiro plano; a copa de cristal, cun figo para dar sabor á auga, ou os golpes do xerro da esquerda, realismo que tamén se observa nas dúas figuras principais que se recortan sobre un fondo neutro, potenciando os efectos de luz e sombra.



Detalle: Realismo da auga no cántaro.



- **Cor:** o colorido que utiliza segue unha gama escura de cores terrosos, ocres e marróns, a tonalidade madeira propia do seu mestre o tenebrista Caravaggio. Velázquez posiblemente recibía esta influencia a través de gravados e copias que chegaban a Sevilla procedentes de Italia.



O cadro foi vendido ou regalado polo artista ao seu paisano o cóengo Fonseca, funcionario do rei Filipe IV no ano 1623; posiblemente en pago pola súas xestións para introduci-lo na Corte.

Sorprende a veracidade dos personaxes e da escena. Para Julián Gállego, o cadro puidera ser unha alegoría da sede.

No seu momento foi eloxiado polos pintores madrileños e existen varias copias da obra feitas no século XVII.



A pincelada é fina e os potentes volumes crean un intenso plasticismo. Destaca a transparencia da copa que o aguador ofrece a un dos seus acompañantes e a textura e o cromatismo do cántaro



**Gusto polo
detalle: arrugas
e pregues**

**Composición basada
nas verticais**

**Reflicte tres idades do
home:**

Ancián (de perfil)

Adulto (de fronte)

Xove (oblicuo)

**Nexo de unión:
as mans coa copa.**

**Simboloxía: transmisión
da sabiduría**

**Características xerais
das primeiras obras:
contornos precios,
tenebrismo acusado,
naturalismo,
calidades mátericas,
tonalidades
cálidas, actitudes
repousadas**



**Diego Rodríguez da Silva e Velázquez
O Augador de Sevilla**

**Tenebrismo: contrastes
luz-sombra moi marcados.
Xove sae de sombras
do fondo**

naturalismo



**Natureza morta
con personaxes**

**Contornos todavía
precisos, de dibuxo
firme.**

**Predominio de tons
cálidos: laranjas,
amarelos, ocres, etc.**

**Multiplicidade
de obxectos**

**Diego Rodríguez da Silva e Velázquez
Periodo Xuvenil en Sevilla
Vella fritindo ovos**

Velázquez na Corte (Madrid)

Con vintetrés anos, Velázquez chega a Madrid onde hai un influente grupo de nobres sevillanos próximos ao Rei, entre os que se atopan Fonseca e sobre todo Olivares, home de confianza do futuro rei, que impresionado pola súa pintura vai abrílle o camiño para acadar o desexado mecenado real.

O rei Filipe IV era afeccionado á pintura e posuía unha das coleccións máis importantes de Europa. Velázquez, pintor de talento demostrado, co apoio de Olivares, entra con 24 anos a formar parte dos pintores da Corte. A partir de entón toda a súa vida estará ligada ao alcázar madrileño, onde vive o Rei, unha construción arquitectónica de pouco valor, pero que contiña extraordinarias riquezas e sobre todo a importante colección de obras de arte que foran acumulando os seus antecesores. Alí atopará Velázquez coa obra directa dos grandes mestres flamencos e italianos e irá cambiando evolucionando o seu estilo.

Pero as relacións de Velázquez cos pintores de cámara que xa traballaban alí non son fáciles. O posto que Velázquez ocupa é a vacante de retratista orixinada pola morte de Rodrigo de Villandrando, e ser pintor retratista naquela época era ser pintor de segunda fila respecto ao denominado pintor de historias; postos ocupados por italianos como Carducho e Cajés. A presenza dun pintor de evidente talento como Velázquez neste mundo de mediocres, e a predilección que o novo Rei pronto demostra por el, respecto dos outros que xa foran nomeados na época do seu antecesor, provoca envexas e problemas que farán que Velázquez camiñe en solitario e non participe do *mundillo dos pintores de cámara*.

Segunda etapa: Chegada á Corte e 1º viaxe a Italia (1623-1631)

Abandono da temática relixiosa e dos bodegóns, para concentrarse no **xénero retratista**.

O encontro con Rubens en 1628 orientouno cara ao humanismo e a mitoloxía. Pintou Os Borrachos (ou o Triunfo de Baco 1629), no que mostra ao Baco mitolóxico entre campesiños andaluces, sinalando a principal característica da súa pintura mitolóxica, A CONCEPCIÓN BURLESCA E IRÓNICA DA MESMA.

Desde 1629 a 1631, realiza a **primeira viaxe a Italia**, onde coñecerá a obra dos pintores renacentistas romanos e venecianos. Estudia o desnudo e abandoa os restos de tenebrismo, que sustitúe pola perspectiva aérea (**significa a culminación pictórica do ilusionismo, a captación da realidade subjectiva**)

Durante esta viaxe realizou A Fragua de Vulcano.



**Acláranse
os fondos**



**Predominio
de tonsos cálidos,
terrosos.**

Contornos nítidos

**Diego Rodríguez da Silva e Velázquez
Os borrachos**

**Naturalismo de
personaxes:
estado de
embriaguez,
actitudes**

**Desvergonzadas,
gusto
polo feo, roupas
do s. XVII**

A fragua de Vulcano

Clasificación

- Autor: [Velázquez](#)
- Fecha: 1630
- Museo: [Museo del Prado](#)
- Características: 223 x 290 cm.
- Material: [Oleo sobre lienzo](#)
- Estilo: [barroco \(s. XVII\)](#)
(1ª Viaxe a Italia))



Contido Iconográfico:

O tema reflicte con espontaneidade a noticia dun adulterio. O tema elixido está inspirado nas Metamorfoses de Ovidio: Apolo achégase a fragua de Vulcano para contarlle a infidelidade da súa esposa Venus con Marte, para quen precisamente estaban facendo no taller de Vulcano unha armadura. Ao escoitar a noticia toda a fragua queda petrificada: esta sensación conseguíuna perfectamente o artista. Funde nunha mesma escea tres xéneros distintos: o Mitolóxico, unha escea de xénero, e a plasmación detallada de obxectos inanimados próximos ó Bodegón.



O tema narrado por Ovidio, está tratado con discreción, elegancia e naturalidade, sen mofarse do burlado Vulcano. O cadro é sobre todo un canto ao espido e á cor. O **estudio anatómico**, no que se nota o contacto de Velázquez coa arte italiana, introduce un nu que tende a resaltar de xeito naturalista os corpos dos traballadores, situados en diferentes posturas para demostrar o dominio das figuras. Incide, polo que fai a Vulcano, na evidencia da súa deformidade física, tal como se alude a él nos textos mitolóxicos).



